	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Tanto por cento do alumnado que é quen de utilizar de maneira autónoma os aplicativos traballados.		
Responsables	Coordinador TIC		
Recursos e materiais	Equipos portátiles da dotación Educa en dixital, equipos Edixgal do alumnado, lousa dixital interactiva, proxector e aplicativos instalados na maqueta abalar.		

14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Este ano elaborárase ao longo do curso na CCP o Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Merendas saudables	Todo o curso	Todos	Titores
Pausas saudables- Actividade física	Todo o curso	Todos	Titores
Snack Lab - Alimentación	Todo o curso	Todos	Titores
Equipos sostibles de reciclaxes	Todo o curso	Todos	Titores
Composteiro	Todo o curso	4º	Titora
Dinamización do patio con xogos	Todo o curso	Todos	Todo o Claustro
Organizar saídas en Bicicleta	Unha por Trimestre	5º e 6º	Equipo complementarias

15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Rosana Domínguez Rey	1	Música
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Carmen Rey Santorum		Titor/a EP
María Jesús Troitiño Dapena		Titor/a EP
Susana Santiago Novás		PT
Sandra Paulos Aragunde		Titor/a EI
Elías Antón Marcos		AL

15.2 VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Sendo conscientes da nosa realidade sociolingüística e tendo presente os obxectivos na Programación Xeral Anual, así como dos medios dos que dispoñemos, o EDLG, desde o seu papel potenciador do uso da lingua galega, elaborou un programa de actividades para o presente curso 2023/24.

A innovación, a creatividade e a flexibilidade sexan os elementos que o caractericen así como a procura de colaboración e implicación por parte das familias e todos aqueles organismos que poidan participar coa nosa tarefa educativa. Tamén no deseño das actividades seguimos sendo fieis ás motivación e intereses do noso alumnado, buscando temas atractivos e actividades interactivas e lúdicas, que fomenten o gusto pola aprendizaxe da lingua galega, aproveitando ao mesmo tempo para traballar e desenvolver outras capacidades e contidos educativos.

O proxecto para o presente curso desenvólvese en tres liñas de acción:

Na primeira, o EDLG propondrá diferentes actividades ao longo de curso, presentadas en forma de retos para o alumnado, con motivo de conmeracións e temáticas que se consideren de interese: Samaín, Nadal, Entroido, Recollida de “motes” famosos da zona, Festa de Fin de Curso, etc.

Na segunda, o EDLG colaborará co Equipo de Dinamización da Biblioteca nas actividades que propoña para traballar do proxecto documental integrado de centro chamado “ILUSTRES”. Esta liña de acción é abalada polo resultado positivo obtido en cursos anteriores. Empregarase o galego no desenvolvemento de todas actividades relativas a este proxecto e a metodoloxía estará baseada no traballo colaborativo e a transversalidade.

Na terceira, o EDLG colaborará coa materia de Educación Musical, na cal se traballarán grupos e músicos ilustres de Galicia, tendo como principal finalidade que o alumnado coñeza e cante cancións en galego.

Mediante este proxecto de dinamización lingüística preténdese que o alumnado aumente o seu nivel de competencia lingüística en galego e que aumente o uso desta lingua.

15.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo 1: Potenciar o emprego da lingua galega entre o noso alumnado (oral)			
Acción 1	Traballo de maneira oral diferentes tipos de textos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado		
Responsables	Profesorado		
Recursos e materiais	Contos, periódicos, revistas....		
Acción 2	Celebración as nosas Festas Tradicionais		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado		
Responsables	Equipo de Normalización		
Recursos e materiais	Todo o material funxible necesario (flores, teas, cabazas...)		
Acción 3	Participación nas actividades relacionadas co fomento da lectura que nos oferten.(concello asociacións.editoriais...)		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado		
Responsables	Equipo de Normalización		
Recursos e materiais	Autobuses, material funxible.		

Obxectivo 2: Realizar actividades lúdicas para o fomento da lingua galega			
Acción 1	Concurso de relatos de medo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado 3º, 4º, 5º e 6º EP		
Responsables	Equipo de normalización		
Recursos e materiais	Micrófono e altofalante		
Acción 2	Utilización de material didáctico en galego		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Lecturas na biblioteca, programas informáticos, material funxible, xogos		

Acción 3	Implicación máis activa o profesorado en actividades cooperativas en galego		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado de E Primaria		
Responsables	Equipo directivo e de normalización		
Recursos e materiais	Material funxible		
Acción 4	Coñecemento ILUSTRES por medio de proxectos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado		
Responsables	Todo o Claustro		
Recursos e materiais	Dispoñibilidade horaria e material funxible.		

15.4. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓ SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ

Este ano, ao ser centro plurilingüe, aumenta en 3º de Educación Primaria a materia en inglés de plástica.

16. PLAN DE ATENCIÓ Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓ ANUAL

16.1. CONSTITUCIÓ DO DO

Nome Xefe/a	
Marta Serantes Santos	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Susana Santiago Novás	PT
Elia Otero Reboreda	PT
Yoshua Blanco García	AL
Elías Antón Marcos	AL

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓ DE PARTIDA E VALORACIÓ DAS NECESIDADES CON RELACIÓ AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Na actualidade contamos con 61 nenos /as con NEAE:

- Alumnado procedente do estranxeiro.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnado con retraso madurativo.
- Alumnado con TEA.
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con discapacidade intelectual.

- Alumnado con retraso da linguaxe.
- Alumnado con trastorno no desenvolvemento da linguaxe severo.
- Alumnado con dificultades psicolingüísticas: dislalias, trastorno da fluidez de inicio na infancia.
- Alumnado de etnia xitana.
- Alumnado con trastorno grave de conduta.
- Alumnado con dificultades na interacción social.

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo adoptamos as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias:

- Reforzo Educativo sen Apoio: Nesta medida é o propio profesor quen diseña e aplica metodoloxías con aquel alumnado que ten dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación...) neste caso, hai que destacar o beneficio de metodoloxías como traballo cooperativo, matemáticas manipulativas, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe servizo, tutoría entre iguais... e aplicación das distintas técnicas nas que fomos formados en anteriores cursos. Tamén podemos incluír aquí, medidas como a adaptación de tempos, espazos, recursos e materiais.
- Reforzo Educativo con apoio do profesorado ordinario: Esta medida contempla o apoio do profesorado do centro con dispoñibilidade horaria nas áreas instrumentais. É unha medida que se pon en funcionamento ao comezo de cada curso escolar. No horario do profesorado contéplase este tipo de apoio que se levará acabo preferentemente polo profesorado do mesmo nivel/ciclo. Neste apoio, o alumnado recibirá reforzo dentro da aula ordinaria ou desdobrarase o grupo (sobre todo en grupos numerosos) para dar unha mellor resposta educativa á diversidade do alumnado. Para que esta medida teña éxito, é primordial a coordinación entre o mestre titor e o mestre de apoio, onde ademais deberán contemplar, segundo a necesidade do alumnado, o intercambio de roles.
- Reforzo educativo con profesorado do PROA: Esta medida contempla unha axuda dentro da aula para todo o alumnado que a precise nos cursos de 3º a 6º de educación primaria onde se poderán implementar metodoloxías cooperativas a partir da docencia compartida así como implementar desdobres dentro da mesma aula. Esta medida requirira, así mesmo, un traballo colaborativo por parte da mestra titora e da mestra de PROA.
- Desdoblamento de grupos: Esta medida ten a finalidade de poder dar unha atención máis individualizado a todo o alumnado, favorecendo tamén ao alumnado con NEAE.

Extraordinarias:

- Reforzo educativo con apoio especializado: É unha medida que contempla un apoio dun profesor especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe. Esta medida pode ser temporal ou ao longo da escolarización dun alumno/a.

Para que se leve a cabo, seguiranse os criterios establecidos neste plan, e será necesario que así o determine o informe psicopedagóxico derivado da avaliación psicopedagóxica do alumno/a que será realizada polo Departamento de Orientación.

O **procedemento** para a demanda de intervención do DO, previa detección das dificultades polo titor/a logo da avaliación inicial é o seguinte:

- Comunicación da necesidade de intervención/avaliación do titor/mestre á xefatura de estudos.
 - Comunicación da xefatura de estudos á xefa do DO.
 - Cubrir, por parte do titor/a, o impreso de información no que se recollen as observacións das dificultades observadas na aula.
 - Remitir aos pais/nais/titores legais a correspondente autorización de intervención/avaliación por parte do DO para que asinen e den consentimento.
 - Proceso de avaliación, informe e proposta de intervención, de ser o caso.
- Adaptación curricular: Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro de 2021. Necesita autorización da Inspección Educativa.
 - Agrupamentos flexibles: É unha medida (con carácter temporal) de apoio para o alumnado con dificultades de carácter esencial. Será necesario a autorización da Inspección Educativa, segundo a Orde do 8 de setembro de 2021. Neste tipo de agrupamentos tamén se inclúen os grupos de adquisición de linguas e os grupos de adaptación da competencia curricular que figuran na mesma Orde.
 - Flexibilización da duración do período de escolarización: o alumnado con nee ou altas capacidades intelectuais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización do período de escolarización nas diferentes etapas de ensino. Será necesaria a autorización da consellería de educación e será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas curriculares e organizativas previas, tal e como consta no decreto 229/2011, de 7 de decembro, así como na orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

Criterios para establecer a prioridade dos mesmos:

- Alumnado con necesidades educativas especiais que xa estaba sendo atendido.
- Alumnado con Adaptación Curricular.
- Alumnado do 1º ciclo de Educación Primaria (1º e 2º).

- Alumnado de Educación Infantil que teña necesidades educativas especiais.
- Alumnado do 2º ciclo de Educación Primaria (3º e 4º)
- Alumnado do 3º ciclo de Educación Primaria (5º e 6º).
- Garantírase o reforzo educativo do alumnado que non promociona ou que promocionou cunha ou máis áreas con cualificación negativa segundo o disposto na Orde do 9 de xuño do 2016.
- En Educación Infantil, só se levarán a cabo apoios fóra de aula en casos moi excepcionais e debidamente xustificadas. Os apoios deberán ser, por norma xeral, dentro da aula.

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Constitución do Departamento de Orientación.	Setembro
Organización dos apoios do profesorado de PT e AL: tipo de apoio, número de sesións...	Setembro
Reunións semanal coa especialistas de PT e AL.	Todo o curso
Reunión coa especialista de AL das EEI.	Todo o curso
Reunións coa Orientadora dos IES, coa Educadora Familiar do Concello e con diferentes profesionais que interveñan co noso alumnado.	Todo o curso
Coordinacións cos titores de ciclo.	Todo o curso
Coordinacións cos servizos externos ao centro: gabinetes, pediatras...	Todo o curso
Adquisición de material e equipamento específico para o Departamento de Orientación así como para as aulas de PT, AL e a aula de atención preferente ao alumnado con TEA.	Todo o curso
Elaboración dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas co alumnado, as familias, e o profesorado; autorizacións dos pais para a avaliación psicopedagóxica, os reforzos, as AC...	Setembro/Octubre
Elaboración dos Programas de Intervención do alumnado que vaia ser atendido polos especialistas de PT e AL.	Setembro
Elaboración dos Programas de reforzo educativo para o alumnado que o precise.	Setembro
Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Setembro/Octubre
Asesoramento nos apoios.	Todo o curso
Redacción do PAADO.	Setembro
Revisión e elaboración do POE.	Todo o curso
Colaborar na tramitación de becas de axuda os alumnado con NEAE e elaboración de informes para a súa tramitación.	Setembro
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial do alumnado.	1º trimestre
Elaboración das Adaptacións Curriculares que se precisen.	Outubro/Novembro
Revisión das Adaptacións Curriculares.	Unha vez por trimestre

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Asistencia ás avaliacións, análise dos resultados acadados e medidas a adoptar.	Ao finalizar cada trimestre
Orientación sobre modos de actuación para o alumnado de novo ingreso e os que cambian de centro e etapa.	1º Trimestre
Datos DRDADI.	1º Trimestre
Valoración e integración do alumnado procedente do estranxeiro e doutras CCAA.	Todo o curso
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, organización dos apoios e da intervención ACNEAE.	Todo o curso
Seguimento psicopedagóxico individual do alumnado.	Todo o curso
Programación de actividades destinadas á adquisición do hábito lector e á mellora da comprensión e eficacia lectora.	Todo o curso
Programación de actividades destinadas a habilidades socio-emocionais.	Todo o curso
Elaboración de diferentes trípticos informativos orientados a facilitar asesoramento ás familias en relación a diferentes temas de interese: Estimulación da Linguaxe; Técnicas de Estudo; Estratexias para a mellora da conduta...	Todo o curso
Revisión e actualización do PE e documentos que o integran.	Todo o curso
Atención ao alumnado e ás súas familias.	Todo o curso
Fomento da colaboración e relación titor-familia, e dunha maior implicación desta última na educación e orientación do/a seu/súa fillo/a.	Todo o curso
Participación nas iniciativas que se demanden dende a ANPA.	Todo o curso
Orientación ao alumnado de 6º de Primaria sobre a E.S.O.	3º Trimestre
Revisión dos modelos de informe de fin de ciclo, etapa e titoría.	3º Trimestre
Valorar o nivel de atención a todo o alumnado do centro.	Todo o curso
Asesoramento ao Equipo Directivo en todo o relacionado coa planificación e desenvolvemento da acción docente.	Todo o curso
Demanda da intervención do EOE naqueles casos en que se estime necesario.	Todo o curso
Elaboración de informes escolares para pediatras, especialistas do SERGAS, trámites para certificado de minusvalía..	Todo o curso
Avaliación das medidas adoptadas de atención á diversidade.	Ao finalizar cada trimestre
Avaliación do PAADO e do Plan de Acción Titorial.	3º Trimestre
Elaboración Informe Final de Etapa para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que remata a EP.	3º Trimestre
Elaboración da Memoria do DO.	3º Trimestre
Datos DRORIENTA.	3º Trimestre
Elaboración dos informes finais de PT e AL.	Xuño
Elaboración dos informes finais do alumnado que recibiu reforzo educativo.	Xuño

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Dolores Miramontes Piñón	Apoio EI
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Rosa M ^a Longo Sanmartín	Representante servizos
M ^a Cruz Rey Calvo	Titora EP
Katarzyna Debowska	Representante pais/nais

Obxectivo1: Dinamizar o plan de convivencia			
Acción 1	Dinamización dos recreos con xogos divertidos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Disminución dos conflitos		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Pañuelos, pelotas,aros...		
Acción 2	Aumento de la comunicación entre el alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Disminución dos conflitos		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Material funxible		

Obxectivo 2: Coordinar actuación conxuntas cas familias			
Acción 1	Dinamización da Escola de Pais/Nais		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación dos pais/nais		
Responsables	Comisión de convivencia		
Recursos e materiais	Conferenciantes, material funxible.		
Acción 2	Prevención de situación de acoso e ciberacoso		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado e pais		
Responsables	Comisión de convivencia		
Recursos e materiais	SPAD e proxector		

18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Empatiza	Novembro	5º e 6º	Titores
Mural cooperativo	25/11/23	Todo o alumnado	Equipo complementarias
Contacontos	Decembro	Infantil, 1º e 2º	Titoras E. Infantil
Mulleres ilustres de Galiza	2º Trimestre	Todo o alumnado	Equipo de complementarias e titoras
Mesa redonda de mulleres da contorna	Marzo	3º,4º,5º e 6º	Equipo complementarias
Mural cooperativo identidade de xénero	2º Trimestre	Todo o alumnado	Equipo complementarias
Talleres coeducativos	Xuño	Todo o alumnado	Equipo de complementarias
Traballar o conto "YO VOY CONMIGO"	3º trimestre	Todo o alumnado	Equipo de complementarias

19. PLURILINGÜISMO

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Marco Antonio Lago Suárez	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Laura Real Goenaga	LE: Inglés

19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PLURIINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
4º EP	2	27	2	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	PLÁSTICA	Inglés

19.3. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	1	24	PLÁSTICA	Inglés
2º EP	1	22	PLÁSTICA	Inglés
3º EP	2	35	PLÁSTICA	Inglés

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

a) Mecanismos de seguimento:

Para a realización do seguimento da nosa sección bilingüe e plurilingüe, o profesorado involucrado en dita sección bilingüe e plurilingüe levará a cabo reunións de coordinación semanais, recollendo a información necesaria en follas de rexistro e/ou rúbricas.

O seguimento terá en conta diferentes aspectos:

- A participación nas actividades programadas na semana anterior.
- O grao de implicación nas actividades e proxectos realizados.
- A interacción dos alumnos da sección bilingüe e plurilingüe.

b) Mecanismos de avaliación: En canto á avaliación o profesorado baseará a mesma na observación directa e sistemática do traballo realizado diariamente.

O profesorado que imparte clase na sección bilingüe recollerá a información e os datos necesarios en follas de rexistro e/ou rúbricas.

Ademais, o profesorado fará tamén unha autoavaliación.

19.5. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Jamin Wright	8h
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar):	Si <input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/>

20. PLAN PROXECTA+

Este curso o centro non solicito ningunha actividade do Plan Proxecta+

21.CONTRATOS-PROGRAMA

Liña de actuación: PROA			
Descrición do programa	Mellora na atención a alumnado vulnerable		
Obxectivos	Mellorar as competencias do alumnado vulnerable		
Cursos implicados	3º,4º,5 e 6º		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellores resultados académicos.		
Responsables	As propostas da coordinación da mestra coa titora.		
Actividades	Charlas, Formación, Obradoiros....		
Liña de actuación: Emoción+T, escola de pais e nais			
Descrición do programa	Unha hora de semanal traballo emocional		
Obxectivos	Reforzar as emocións positivas e asesorar aos pais e nais sobre temas demandados por eles		
Cursos implicados	Todo o alumnado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellor xestión das emocións no alumnado		
Responsables	Equipo de Convivencia		
Actividades	Charlas, Formación, Obradoiros....		
Liña de actuación: Incluí+T e mediación			
Descrición do programa	Liñas de actuación no recreo		
Obxectivos	Mellorar a relación do alumnado nos recreos e prevención do bullying		
Cursos implicados	Todo o alumnado e profesorado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Disminución dos conflitos		
Responsables	Equipo directivo		
Actividades	Mediación nos recreos, contacontos.		
Liña de actuación: Queda+T e xogos inclusivos			
Descrición do programa	Liñas de actuación con Entidades colaboradoras externas		
Obxectivos	Achegar o cole actividades para alumnado vulnerabele		
Cursos implicados	3º,4º e 5º		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Redución do fracaso escolar		
Responsables	As titoras		
Actividades	Obradoiros co SPAD, Concello.....		
Liña de actuación: Iguala+T			
Descrición do programa	Actuación en todo momento que se vexa un xesto de violencia		
Obxectivos	Promocionar a igualdade nas rutinas do Colexio		
Cursos implicados	Todo o alumnado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aumento no número de intervencións para a promoción de igualdade.		
Responsables	Equipo complementarias		
Actividades	Participar en todas as actividades propostas dende o Equipo, Concello, Educación....		

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Proxecto Edixgal			
Descrición do programa	Desenvolver a actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionarlle ao profesorado e ao alumnado as ferramentas tecnolóxicas para que proceso de ensinanza aprendizaxe se axuste a realidade social actual. - Desenvolver a actividades educativa empregando tecnoloxías da información e da comunicación. - Capacitar ao alumnado para o emprego de ferramentas tecnolóxicas e recursos dixitais. 		
Cursos implicados	5º e 6º de Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Tanto por cento do alumnado dos grupos de 5º e 6º que traballa sen dificultade cos equipos Edixgal, cos seus aplicativos e cos libros dixitais.		
Responsables	Coordinadora Edixgal		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Utilización do equipamento da aula dixital: encerado dixital interactivo, proxector, conexión wifi, ordenadores do profesorado e do alumnado. - Emprego da plataforma EVA- Edixgal, das súas actividades e recursos . - Coñecemento do funcionamento da aplicación EVA - Offline - Utilización dos libros dixitais en distintas áreas. - Realización de actividades dixitais interactivas. - Coñecemento e utilización dos aplicativos da maqueta Abalar : procesador de textos, creador de presentacións de diapositivas, editorde son, editor de vídeo, editor de imaxes, creador de códigos QR, creador de mapas conceptuais... 		

Plan/Proxecto: Innova Edu-Saude			
Descrición do programa	Merendas saudables		
Obxectivos	Implementar as merendas saudables no alumnado		
Cursos implicados	Todo o alumnado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aumento 100% consumo de froita e lácteos no alumnado		
Responsables	Dirección Centro		
Actividades	Merendas audables todos os días e unha vez o trimestre unha charla de nutrición.		

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Instalación: Ximnasio			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	16:00-17:00		
Instalación: Comedor			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	17:00-18:00		

24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación deste curso realizarase a final de curso facéndose constar os resultados da mesma, na memoria de final de curso 23/24

Para dita avaliación teremos en conta os obxectivos establecidos valorando a consecución de cada un e establecendo as propostas de mellora.

Teremos en conta os seguintes indicadores para a avaliación:

- Nivel e grado de consecución dos obxectivos.
- Grado de coordinación entre o profesorado titor, especialistas , mestra de Pt, mestras AL e Departamento de Orientación así como entre os distintos equipos do centro.
- Grado de desenvolvemento dos distintos plans e proxectos levados a cabo no centro.
- Nivel e cumprimento das actividades propostas.
- Grado de implicación das familias.
- Número de reunións feitas e cumprimento do plan de traballo.